



CONCELLERÍA  
DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

ALCALDÍA



# BIBLIOTECA VIVENTE: 'A LINGUA VIVA'

## Xandobela. Xestión e Dinamización SocioCultural.

Xandobela é unha iniciativa de Dinamización Sociocultural nada no 2005 en Compostela, radicada na realidade galega e con vocación universal.

Promoven Xandobela un equipo de persoas educadas no asociacionismo de Compostela, con experiencia no traballo sociocultural en distintos colectivos e programas e con ampla formación en Pedagogía, Educación Social e Dirección de Actividades de Lecer e Tempo Libre.

Xandobela é un colectivo de educadores non-formais que traballa os vellos eidos da cultura e da relación entre as persoas, favorecendo unha actitude integradora, creativa e lúdica.

## Que é unha Biblioteca Vivente.

Unha Biblioteca Vivente é unha biblioteca na que os libros son persoas. Persoas con singulares historias de vida ou que posúen determinados coñecementos e que difunden a súa experiencia a través da interacción, entrevista e diálogo cos usuarios/as. Para ser un Libro non cómpre ser unha eminencia ou recoñecido estudoso, senón contar con experiencia vital ou saberes cos que poder ilustrar a outras persoas que descoñecen e teñen curiosidade. Todos somos potenciais Libros e Lectores.

A Biblioteca Vivente (BV) é un proxecto educativo e cultural que pretende achegar coñecementos ás persoas dun xeito ameno, directo e participativo. É un proxecto de dinamización do coñecemento que convida a indagar e a descubrir aspectos novidosos sobre o tema proposto dende a propia experiencia e dende os propios intereses. Axuda a combater o descoñecemento, ignorancia, prexuízos e estereotipos dunha maneira activa e vivenciada.



CONCELLERÍA  
DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

ALCALDÍA



Celebrada por primeira vez en Dinamarca no ano 2000 e promovida dende o 2001 polo Consello de Europa como ferramenta de educación intercultural, a celebración de Biblioteca Vivas é un fenómeno que comeza a espallarse polo mundo.

Este atractivo formato é innovador no contexto galego (será a segunda BV que se desenvolva en territorio galego, logo da primeira experiencia do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo e Xandobela en torno aos 'Tesouros Vivos') e ofrécenos a oportunidade de dinamizar espazos para a lectura e o coñecemento, dunha maneira enteiramente vivencial e participativa, polo que se traballan tamén valores e actitudes que coa mera consulta de libros e documentación non é posible: motivación, construción activa de coñecemento, relacións sociais, autoestima, capacidades de comunicación e escoita...

## Biblioteca vivente. A lingua viva

Entre os días 22 e 25 do vindeiro mes de novembro desenvolveremos varias sesións na Casa das Palabras-Verbum con mozos/as dos primeiros anos de secundaria. É a nosa intención evidenciar a existencia de prexuízos lingüísticos para poder rachar con eles, dignificar a nosa lingua e fomentar o seu uso entre a mocidade. Trátase de pór en contacto á mocidade con persoas galegofalantes para achegarlle as súas experiencias vencelladas co uso da lingua, dun xeito eminentemente directo, vivencial e participativo. Tratamos de presentar un catálogo de libros-persoa amplo e diverso, que dividimos en tres apartados:

- **'Neofalantes'**: galegos/as neofalantes ou persoas doutros países que se decantaron polo galego.
- **'Galegos/as convencidos/as'**: de sectores da sociedade onde o galego ten escasa presenza.
- **'Tesouros Vivos'**: testemuñas de vida que pretenden dar voz e visibilidade a experiencias vitais de gran calado e significancia dos nosos maiores con respecto ao emprego da lingua dende un punto de visto histórico.

Un total de doce libros vivos, con experiencias vitais que rachan con moitos prexuízos lingüísticos, van estar dispoñibles nas distintas estanterías da Biblioteca Vivente no Verbum durante esas catro xornadas, para que os alumnos/as de Secundaria de Vigo



CONCELLERÍA  
DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

ALCALDÍA



(os lectores/as) os consulten e os lean dun xeito enteiramente interactivo. Cada sesión terá unha duración aproximada de unha hora e corenta minutos, nos que cada rapaz/a consultará tres libros en períodos de vintecinco minutos.

Pero o verdadeiro proxecto comezará e rematará nas aulas. Por iso solicitamos a vosa colaboración para que a Biblioteca Vivente se convirta nunha experiencia que todos os implicados/as (os libros, os mestres/as, os lectores/as, os bibliotecarios/as, os libreiros/as...) recorden como un acontecemento significativo, de verdadeira aprendizaxe e incluso emotivo.

## Como se desenvolverá a Biblioteca Vivente?

1. Visitaremos a aula uns días antes ao desenvolvemento da Biblioteca Vivente, previa cita acordada cos mestres/as, para:

- Explicar en que consiste a Biblioteca Vivente e o seu funcionamento.
- Explicar os dereitos e deberes dos libros e dos lectores/as.
- Presentar o catálogo coas sinopses dos libros dispoñibles.
- Explicar como facer a reserva para a lectura dos libros vivos (a través da rede): cada un/ha vai ter que pedir cita para ler tres dos doce libros dispoñibles na Biblioteca Vivente 'A lingua viva'.
- Motivar aos mozos/as a que pensen en que preguntar aos libros que seleccionaron.

2. No Verbum, Biblioteca Vivente 'A lingua viva': os días 22, 23, 24 e 25 de novembro, con dúas sesións cada día: unha primeira, de 10 a 11:40 horas, e unha segunda de 11:50 a 13:30 horas. Os doce libros vivos han estar ubicados na súa correspondente 'estantería' polo Verbum; os mozos/as, con plano no man, terán que ubicar a situación dos libros que reservaron na aula.

Os esquema horario de cada unha das sesións é este:

- 10 minutos: recepción do grupo por parte dos bibliotecarios/as e libreiros/as. Explicación.
- 5 minutos: busca do primeiro libro, segundo reserva efectuada na aula.
- 25 minutos: lectura do primeiro libro.
- 5 minutos: busca do segundo libro, segundo reserva efectuada na aula.



CONCELLERÍA  
DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

ALCALDÍA



- 25 minutos: lectura do segundo libro.
- 5 minutos: busca do terceiro libro, segundo reserva efectuada na aula.
- 25 minutos: lectura do terceiro libro.

## Suxerencias didácticas para o traballo na aula de cara a un maior aproveitamento do proxecto:

### Previo á visita á Biblioteca Vivente:

- Exercicios de reflexión individuais e grupais en canto á lingua que cada quen fala, a lingua que se fala no entorno, as linguas que se falan en diferentes ámbitos, etc..
- Identificación de prexuízos lingüísticos propios e da sociedade, conscientes e inconscientes.
- Habilidades de comunicación e técnicas de comunicación eficaz: a escoita activa, formulación de preguntas...

### Posterior á visita á Biblioteca Vivente:

- Recensións e comentarios críticos: trataríase de trasladar exercicios que normalmente se aplican a textos e relatos escritos.
- Intercambio de coñecementos: non todos os rapaces e rapazas van ler os mesmos libros vivos. Por esta razón, podeades alentar a que compartan a experiencia nas aulas a través de breves exposicións, de charlas...
- Reflexión sobre a situación lingüística galega despois da información recibida a través de grupos de discusión, debates, etc...

### Bibliografía de interese:

- Costas, Xosé-Henrique (Coord.) (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega*. Laidvento Edicións, Bertamiráns.
- Núñez Singala, Manuel (2009): *En galego, por que non?*. Ed. Galaxia, Vigo.
- Sende, Séchu (2007): *Made in Galiza*. Ed. Galaxia, Vigo.

Para obter máis información:

Correo electrónico: [bibliotecasvivalentes@xandobela.info](mailto:bibliotecasvivalentes@xandobela.info)

Web: [www.xandobela.info](http://www.xandobela.info)